


O NOSO SAMAIN

LORETA BIROTT BERMEJO e
NURIA VALDEÓN BALSAS

Ed. Galaxia



O noso Samain provén dos nosos antepasados celtas. Os pobos celtas dominaron a maior parte do oeste e o centro de Europa durante o primeiro milenio antes de Cristo.



Eran uns pobos moi afoutos e guerreiros que, coa chegada desta noite máxica, celebraban unha gran festa para conmemorar o final da colleita e do verán, e dar a benvida ao Novo Ano Celta.






Era tempo de gardar provisións para o inverno. Os días ían ser máis curtos e as noites máis longas.



E, precisamente esta noite, os celtas pensaban que as portas do Alén se abrían, e que as almas dos mortos volvían para visitaren as súas familias.



Tiñan o costume de facer farois con nabos e carbón quente para guiar os espíritos bos de volta á casa e espantar os malos, xa que estes farois lles outorgaban un certo poder de protección.




Tamén lles deixaban víveres e doces fóra da casa para que come- sen algo despois da longa viaxe.



Esta noite non era recomendable abrir a porta a ninguén, xa que trasnos e fadas vagaban a doután polos bosques e as aldeas.



QUE SABES DO SAMAÍN?



1. De que antepasados nosos provén o Samaín?

2. Que estación comenzaba? Como eran os días? e as noites?

3. A quen se lle daba a benvinda na noite do Samaín?

4. A quen visitaban as almas dos mortos na noite do Samaín?

5. Con que facían os celtas os farois?

6. Que lles deixaban os celtas fóra da casa aos espíritos?



7. Escribe os catro versos que se repiten no conto.

8. Escribe o nome dos animais segundo van aparecendo .

9. Que ensinanza se pode sacar deste conto?
